



CONCELLO DE
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I18C	CON/13/2017	13-07-18 13:39

Sello o Certificación Mecánica

Número 122 .- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á adxudicación do contrato de "Servizo para a xestión da escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños".

Destinatario

15078DCMG12I18C



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 13 de xullo de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 122 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SERVIZO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTÍL MUNICIPAL DE MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 22 de xuño de 2018, do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2018/418 de data 9.7.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Manuel Dios Diz, concelleiro delegado de educación e cidadanía, e presidente da mesa de contratación da licitación "Servizo para a xestión da escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei de contratos das Administracións Públicas, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 31 de maio de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador SERVICIOS Y MATERIALES SA.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12118C	<i>Expediente</i> CON/13/2017	<i>Fecha</i> 13-07-18 13:39

Segundo: Con data 21 de xuño de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa SERVICIOS Y MATERIALES SA (CIF: A28781151), por un importe de **400.674,34 euros/ano** exento de IVE, ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnica municipal directora responsable do contrato a María Dolores Casás Cheda, pedagoga do departamento de educación.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 32301 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 166.947,64 euros.
Anualidade 2019: 400.674'34 euros.
Anualidade 2020: 233.726'70 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de "Servizo para a xestión da escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños" a favor da empresa SERVICIOS Y MATERIALES SA (CIF: A28781151), por un importe de **400.674,34 euros/ano** exento de IVE, ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnica municipal directora responsable do contrato a María Dolores Casás Cheda, pedagoga do departamento de Educación.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12118C	CON/13/2017	13-07-18 13:39

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 080 32301 22799, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 166.947,64 euros.
Anualidade 2019: 400.674,34 euros.
Anualidade 2020: 233.726,70 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

